



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 21 DE XULLO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e un de xullo de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local en segunda convocatoria, por non existir quórum para a válida constitución en primeira convocatoria, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e don Daniel Mallo Castro.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 14 de xullo de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 14 de xullo de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución 2020/21345, do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a adxudicación aos concellos da provincia dos espectáculos correspondentes ao programa Rede Cultural 2020. Figura o Concello de Cambre, cunha porcentaxe Deputación: 40%, cun total concello 11.741,42 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 107, do 14 de xullo de 2020).

- Orde do 18 de xuño de 2020, da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento PL400A). (Diario Oficial de Galicia número 141, do 16 de xullo de 2020).

- Resolución número 21592/2020, da Secretaría Xeral. Sección de Información e Actas da excma. Deputación provincial da Coruña, de concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos SNL durante 2020. Figura como beneficiario o Concello de Cambre, cun importe de subvención de 15.000, 00 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 109, do 16 de xullo de 2020).

- Resolución do 8 de xullo de 2020, da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 8 de xaneiro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia (Diario Oficial de Galicia número 27, do 10 de febreiro). Figura o Concello de Cambre con 3 bibliotecas e total subv. 2.436,63 euros. (Diario Oficial de Galicia número 142, do 17 de xullo de 2020).

- Resolución do 9 de xullo de 2020, da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se convoca para o ano 2020 (código de procedemento CT236A). Figura o Concello de Cambre coa cantidade de 2.577,09 euros. (Diario Oficial de Galicia número 144, do 20 de xullo de 2020).

- Resolución do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. (Diario Oficial de Galicia número 143, do 18 de xullo de 2020).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 10 ao 16 de xullo do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 933/2020 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 1001/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
933/2020	10-07-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita no Corgo, Brexo. Propiedade: C de herdeiros de DCR
934/2020	10-07-2020	Convenios de colaboración con empresas para realización de prácticas el lumnado del curso "Soldadura oxigás e MIG MAG". Plan AFD 2019/20
935/2020	10-07-2020	Acreditación fondos recibidos. Convenio As Mariñas 2018
936/2020	10-07-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 14 de xullo de 2020
937/2020	10-07-2020	Adxudicación do contrato menor mediante o sistema de "vale de pedido" a don Rafael Díaz Carro e don Javier Carlos Sánchez

		García, respectivamente, dos dous lotes integrantes do expediente para a contratación do servizo de de representación procesual, defensa xurídica e asistencia letrada nas actuacións derivadas do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambre de data 16 de maio de 2019 .Exp. 2020/C002/ 000094
938/2020	10-07-2020	Reparos suspensivos
939/2020	10-07-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
940/2020	10-07-2020	Reposición legalidade urbanística por realización de obras sen comunicación previa ou licenza por obras de carpinterías de madeira, colocación de planchas de policarbonato en ditos ocos e substitución de porta de entrada en edificación sita en Pumar Méndez, Cambre
941/2020	10-07-2020	Conceder o permiso para a ocupación de dominio público mediante a instalación de terraza con catro mesas con dúas cadeiras cada unha ancoradas á fachada durante o ano 2020 fronte ao local anexo ao cafe bar sito na rúa Temple. Solicitante: JSDV
942/2020	10-07-2020	Conceder o permiso para a ocupación da vía pública cunha terraza de 10 mesas durante o ano 2020 fronte ao paseo marítimo parroquia do temple, cambre. Solicitante: LVP
943/2020	10-07-2020	Reposición legalidad urbanística por execución de obras de construción de rampla de acceso a finca sita sitas na Xira, Sigrás, non incluídas na comunicación previa presentada. Propiedade: LMAS e MSM
944/2020	10-07-2020	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MTOL
945/2020	10-07-2020	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MMC
946/2020	10-07-2020	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MCA
947/2020	10-07-2020	Axuda emerxencia social alimentos. Solicitante: CIPF
948/2020	10-07-2020	Axuda emerxencia social alimentos. Solicitante: MRL
949/2020	10-07-2020	Desestimento axuda ortopedia de SMPM
950/2020	10-07-2020	Conceder a tarxeta estacionamento.Solicitante: RCV
951/2020	13-07-2020	Conceder o permiso para a instalación de tres mesas na fronte do seu local e dúas no fronte do local anexo situados na durante o ano 2020 fronte ao local situado na rúa rio Brexa, Cambre. Solicitante: VS
952/2020	13-07-2020	Conceder a licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos. Solicitante: JCDF
953/2020	13-07-2020	Conceder o permiso para a instalación de 5 mesas con catro cadeiras cada unha ocupando o espazo necesario durante o ano 2020 fronte ao local cervexaría sita na rúa Teresa Herrera, parroquia do Temple
954/2020	13-07-2020	Conceder o permiso para a ocupación de espazo público



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		mediante a instalación de terraza durante o ano 2020 fronte ao local xamonería sito na rúa Estanque, O Temple. Solicitante: MdelMPM
955/2020	13-07-2020	Conceder a licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos. Solicitante: JCLL
956/2020	13-07-2020	Inscripción do animal con chip 941000023750535 no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos
957/2020	13-07-2020	Conceder a licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos. Solicitante: MALC
958/2020	13-07-2020	Conceder a licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos e inscrición do can identificado co chip 941000024743399. Solicitante: CPP
959/2020	13-07-2020	Conceder a licenza administrativa para tenza de animais potencialmente perigosos e inscrición do can identificado co chip 941000021112714. Solicitante: MCGF
960/2020	13-07-2020	Conceder o permiso para a instalación de 6 mesas con 4 cadeiras cada unha durante o ano 2020 fronte ao local situado na rúa Tapia, parroquia do Temple. Solicitante: Panadería Mde C, S.L.
961/2020	13-07-2020	Conceder o permiso para a ocupación de 20 m ² da vía pública durante o ano 2020 fronte ao local situado na rúa Polígono, O Temple. Solicitante: AMF
962/2020	13-07-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 68.330,67 euros
963/2020	13-07-2020	Aprobación de gastos e facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 123.679,19 euros
964/2020	13-07-2020	Desestimento axuda recibo auga a SBB
965/2020	13-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Fontenla, Cambre. Propiedade: BA
966/2020	13-07-2020	Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos
967/2020	13-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en rúa Wenceslao Fernández Flórez colindante Propiedade: MLMO
968/2020	13-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela colindante á sita en Lugar de Souto, Seoane, Anceis con maleza e árbores cercanos ao cierre da finca. Propiedade: MRR
969/2020	13-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Castrobó, Anceis. Propiedade: Herdeiros de MPP
970/2020	13-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas. Propiedade: Herdeiros de don DMS
971/2020	13-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en San Lourenzo con maleza sobresaliendo a camiño público. Propiedade: CIM, MSI, PSI e AMSI
972/2020	13-07-2020	Servizo docente para impartir un seminario-workshop sobre "Deseño WEB ecommerce dunha multinacional textil na Coruña" dentro da formación complementaria do proxecto Obradorio de Emprego "PROXEDIS-PROWEB" 2019/2020 para o alumnado traballador da especialidade formativa "Confeción e publicación

		de páxinas web"
973/2020	13-07-2020	Avocación de competencias do quinto tenente de alcalde don Daniel Mallo Castro dende o día 20 de xullo ao 29 de xullo de 2020, ambos os dous incluídos
974/2020	13-07-2020	Aprobación do gasto e contratación de subministracións e servizos necesarios para facer fronte á pandemia provocada polo COVID-19
975/2020	13-07-2020	Avocación de competencias da sexta tenente de alcalde dona Maria Dolores Pan Lesta os días 20, 22, 24 e 27 de xullo de 2020; do 10 ao 14 de agosto de 2020 e do 10 ao 18 de setembro de 2020
976/2020	14-07-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
977/2020	14-07-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
978/2020	14-07-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
979/2020	14-07-2020	Aprobación de gastos derivados de contratacións necesarias efectuadas a causa do COVID-19 empregando a tramitación de emerxencia, e aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 19.481,10 euros
980/2020	14-07-2020	Aprobación de gastos e facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 14.221,71 €
981/2020	14-07-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 10.519,10 euros , e execución de acordo da Xunta de Goberno local de data 23 de xuño de 2020 de retención da factura correspondente ao mes de xuño pola prestación do servizo de conserxeria e limpeza nos campos de fútbol municipais e pagamento con cargo a esta do importe de adebedado aos traballadores polos servizos realizados no mes de novembro de 2019
982/2020	14-07-2020	Perda do dereito ao cobro da subvención correspondente ás bolsas deportistas 2019 a AIM e DIM
983/2020	14-07-2020	Renuncia axuda emerxencia social alimentos AIS
984/2020	14-07-2020	Aprobación da acreditación do destino dos fondos recibidos con cargo ao convenio de promoción do baloncesto 2018
985/2020	14-07-2020	Conceder o permiso para a ocupación da vía pública mediante a instalación de 8 a 10 mesas fronte ao local situado na rúa Anxel Fole, parroquia do Temple. Solicitante: N, S.L.
986/2020	14-07-2020	Desestímulo axuda recibo luz e gas OGF
987/2020	15-07-2020	Axuda emerxencia social alimentos. Solicitante: BSV
988/2020	15-07-2020	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: RJRC
989/2020	15-07-2020	Recurso contencioso-administrativo, procedemento abreviado número 0000064/2020 -L Representación e defensa. TEDeC 2018/P001/000011 responsabilidade patrimonial
990/2020	15-07-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
991/2020	15-07-2020	Colaboración interadministrativa en materia de certificados de empadramento con motivo da tramitación polo INSS de solicitudes de ingreso mínimo vital

992/2020	15-07-2020	Denegar a axuda alimentación, segundo o disposto no artigo 22.1, non se cumpre o establecido no artigo 2, a unidade de convivencia supera o límite de ingresos establecidos. Solicitante: MPA
993/2020	15-07-2020	Aprobación da convocatoria de bolsas para deportistas de nivel do concello de Cambre para o ano 2020
994/2020	15-07-2020	Conceder subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2019 - cultura e deportes
995/2020	16-07-2020	Acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita na Casilla, Cambre. Propiedade: ML/LM/CL/PEL G
996/2020	16-07-2020	Acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en San Marcos. Propiedade: EDG
997/2020	16-07-2020	Acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Freande, Cambre con existencia de maleza e polas de árbores invadindo espazo público. Propiedade: AEC (herdeiros)
998/2020	16-07-2020	Acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en rúa do Cruceiro, 2, Cambre. Propiedade: José Julio Tejera Vales.
999/2020	16-07-2020	Acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Estrada Cambre-Temple, Cambre
1000/2020	16-07-2020	Acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela cercana á vivenda sita no Canal, Cecebre. Propiedade: JPGL
1001/2020	16-07-2020	Acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela cercana á vivenda sita no Canal. Propiedade: LdelPPL

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Prórroga na execución da obra "Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple, Concello de Cambre, Lote 1". Expediente 2018/C003/000017
- Suspensión total e compensación ao concesionario do contrato de concesión do Programa "Mañanceiro" de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos centros de educación infantil e primaria do Concello de Cambre, formulada pola empresa "A Billarda, S.L.". Expte: 2017/C006/000001

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos catro concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Prórroga na execución da obra "Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple, Concello de Cambre, Lote 1". Expediente 2018/C003/000017

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de xullo de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con data 8 de maio de 2019 formalizouse o contrato administrativo para a execución da obra "Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple, Concello de Cambre, Lote 1".

Con data 21 de maio de 2019 a Xunta de Goberno Local aprobou o Plan de Seguridade e Saúde, o Plan de Xestión de Residuos así como o Programa de Traballo, segundo establece a cláusula 18.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o presente contrato.

O prazo de execución previsto para a obra, e fixado no contrato, é de catro meses, que comezarán a contar desde o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, que foi asinada o día 31 de outubro de 2019, polo que a data de remate da obra sería o 1 de marzo de 2020.

A empresa adxudicataria, Canarga, S.L., solicitou con data 3 de marzo de 2020 a prórroga da execución da obra, na que expón que os motivos para tal solicitude veñen xustificadas principalmente polas condicións metereolóxicas desfavorables dos meses de decembro de 2019 e xaneiro de 2020, así como a redefinición das rasantes a executar en obra, segundo os criterios municipais, emitíndose informe favorable polo Arquitecto Municipal, con data do 12 de marzo de 2020, no que considera xustificadas os motivos alegados pola empresa e propón que se conceda prórroga de dous meses, ata o 30 de abril de 2020.

Con data do 31 de marzo de 2020 asínase Acta de paralización da obra, como consecuencia da emerxencia sanitaria e de saúde provocada polo Covid-19, procedéndose á reanudación dos traballos con data 14 de abril de 2020, segundo escrito presentado pola empresa contratista con data do 16 de abril de 2020, nº de rexistro 202099900000662.

O día 9 de xuño de 2020 preséntase escrito pola empresa "Canarga, S.L.", rexistrado ao nº 20209990001240, no que solicita se lle confirme que os prazos transcorridos durante o estado de alarma non computan para os efectos dos prazos consumidos na obra, ou ben solicita a ampliación do prazo de un mes e medio, ante a necesidade de cumprir as medidas de policía sanitaria adoptadas polo Goberno, xa que durante o estado de alarma produciuse un retraso no ritmo programado para a execución das obras cuio remate estea previsto tralo estado de alarma.

Visto o informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data do 2 de xullo actual, no que se indica que entre o 14 de marzo e o 1 de xuño de 2020 os prazos administrativos estiveron suspendidos, polo que este tramo non hai que consideralo para os efectos do cómputo do prazo de execución das obras de referencia, e que, tendo en conta o prazo orixinal, a ampliación solicitada e informada favorablemente, e maila suspensión dos prazos, resulta que o prazo de execución real das obras remata o vindeiro día 22 de xullo de 2020.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Comunicar á empresa "Canarga, S.L.", contratista das obras de "Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple, Concello de Cambre, Lote 1", Expediente 2018/C003/000017, que o tramo temporal transcorrido entre o 14 de marzo e o 1 de xuño de 2020 no computa para os efectos do transcurso do prazo de execución das obras de referencia, por mor da suspensión dos prazos administrativos acordada como consecuencia do estado de alarma decretado por RD 463/2020.

Segundo : Tendo en conta o prazo orixinal das obras, establecido en catro meses, así como a ampliación de prazo solicitada pola empresa con data do 03/03/20, e tendo en conta a paralización das obras que consta no expediente e mailo informe emitido polo arquitecto municipal con data do 2 de xullo actual, o prazo para o remate da execución das obras remata o día 22 de xullo de 2020.

Terceiro: Notificar á empresa adxudicataria e á coordinadora de seguridade e saúde.

Cuarto: Notificar ao responsable do contrato, o arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, para os efectos oportunos.

Quinto: Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalgo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Suspensión total e compensación ao concesionario do contrato de concesión do Programa "Mañanceiro" de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos centros de educación infantil e primaria do Concello de Cambre , formulada pola empresa "A Billarda, S.L.". Expte: 2017/C006/000001

Vista a proposta da Alcaldía de data 20 de xullo de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

"Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 5 de setembro de 2017 foi adxudicado o contrato para a concesión do programa "Mañanceiro" de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos centros de educación infantil e primaria do Concello de Cambre (exp. 2017/C006/000001), á empresa "A Billarda, S.L.", con CIF B27278845, nos importes de tarifas máximas por alumno e centro por mes completo e días soltos que constan no citado acordo.

O contrato foi formalizado con data do 6 de setembro de 2017, e , segundo o establecido na súa cláusula cuarta, o seu prazo de duración é para os cursos escolares 2017/18 e 2018/19 (comprendendo aproximadamente os meses de setembro a xuño), puidendo prorrogarse expresamente ao curso 2019/2020, prórroga que foi acordada pola Xunta de Goberno Local con data do 14 de maio de 2019, e sendo, polo tanto, a duración do contrato vixente, ata o remate do mes de xuño de 2020.

O contrato ten a natureza de contrato de xestión de servizos públicos, na súa modalidade de concesión, e se rexe polo establecido no Real decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público.

O obxecto deste contrato consiste no desenvolvemento da concesión do programa "Mañanceiro", que inclúe os servizos de vixilancia, protección e almorzo aos escolares dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Cambre.

No presente suposto, o contrato está suxeito ao Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público.

Con data 18 de marzo de 2020, o concelleiro-delegado de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade dictou a Resolución nº 438/2020 na que, por mor da crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, se acordaba comunicar á empresa A Billarda, S.L. a suspensión do servizo do Programa Mañanceiro dende o 14 de marzo ata novo aviso.

Por resolución da Alcaldía nº 454/2020 de data 24 de marzo de 2020, acordouse convalidar a citada Resolución nº 438/2020 dictada con data 18 de marzo de 2020 polo concelleiro-delegado de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, sendo notificada a empresa de ambas resolucións.

Con data 3 de abril de 2020 rexistrouse de entrada ao núm. 202099900000595 escrito presentado pola empresa, "A Billarda, S.L.", no que solicita que se declare a suspensión da execución do contrato en cuestión con efectos desde a data na que dita suspensión se produciu materialmente, e se recoñeza o dereito a indemnización polos conceptos que indica no escrito.

Manifesta que a execución do contrato deveu imposible a consecuencia da situación de pandemia xenerada polo Covid-19 e das medidas acordadas para a súa contención polo Estado, a Comunidade Autónoma e o Concello, desde o 14 de marzo de 2020.

No escrito declara os motivos polos que a execución do contrato devén imposible, indicado que se produciu *"debido á cancelación expresa da actividade obxecto do contrato polas restriccións á liberdade de movementos para evitar o contaxio do COVID-19 establecidas no RD 463/2020 e a normativa autonómica e local consecuenta"*

Relaciona o persoal adscrito ao contrato, (25 persoas), sen que se faga constar si a empresa adoptou algunha das medidas de flexibilización dos mecanismos de axuste temporal para evitar despedimentos segundo o prevenido no artigo 22 e seguintes do Real decreto-lei 8/2020, e indica, igualmente, os gastos en telefonía, seguros e os derivados do mantemento da garantía definitiva.

Así mesmo, declara expresamente que o contratista principal, os subcontratistas, provedores e subministradores que tivese contratado para a execución do contrato se atopan ao corrente do cumprimento das súas obrigas laborais e sociais a data 14 de marzo de 2020, e que o contratista principal está ao corrente no cumprimento das súas obrigas de pagamento aos subcontratistas e subministradores a data 14 de marzo de 2020, aspectos que acreditará documentalmente coa entrega da documentación acreditativa dos gastos indemnizables cuxa compensación reclama.

Con data 14 de abril de 2020 emítase informe polo coordinador da Área de Cultura e Educación municipal, responsable do contrato, no que indica que dende o 14 de marzo o servizo está suspendido e que a súa execución devén imposible como consecuencia das medidas tomadas polo goberno estatal para combater a crise sanitaria provocada polo Covid-19, en concreto pola restricción da mobilidade, o que tivo como consecuencia a imposibilidade de continuar co servizo, xa que a prestación esixe a presenza física dos interesados.

Así mesmo, indica o responsable do contrato no seu informe que, como consecuencia do anterior, suspendeuse totalmente a execución do contrato.

O adxudicatario deste contrato ten pendente de presentar a documentación que acredite de maneira fidedigna os gastos que efectivamente lle supón esta situación, cuxo análise e verificación está pendente de realizar e concretar á vista do tempo efectivo de suspensión, ou do momento de abono periódico da indemnización correspondente , no seu caso

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaría xeral e máis do interventor municipais, de data 20 de xullo de 2020, relativo á suspensión total e compensación ao concesionario do contrato , que contén a proposta de acordo a adoptar.

Tendo en conta que por Decreto nº 975/2020 do 13 de xullo, advoguei as competencias delegadas á concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta así mesmo a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Ratificar a Resolución núm. 438/2020 do 18 de marzo, do concelleiro-delegado de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade , na que se acordaba comunicar á empresa A Billarda, S.L. a suspensión do servizo do Programa Mañanceiro dende o 14 de marzo ata novo aviso, así como a resolución da Alcaldía nº 454/2020 de data 24 de marzo de 2020, pola que se acordou convalidar a citada Resolución nº 438/2020 do 18 de marzo de 2020 .

En consecuencia, determinar que o día desde o que debe considerarse suspendido o contrato é o día 14 de marzo de 2020 e ata que a dita prestación poida reanudarse co comezo do curso escolar, o que será comunicado ao contratista expresamente.

Segundo: Considerar que o prazo de execución do contrato, cuxa duración estaba prevista ata o 30 de xuño de 2020 quedou interrompido con motivo da declaración do estado de alarma, polo que quedará exactamente o mesmo prazo de execución que no momento da suspensión, é dicir, tres meses e medio desde o inicio do curso escolar no mes de setembro.

Terceiro: Tendo en conta o establecido no artigo 34 nos seus puntos cuarto e Sétimo, do *Real decreto-lei 8/2020 de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19* segundo a modificación efectuada no mesmo polo *Real Decreto 17/2020, de 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019*, o adxudicatario ten dereito ao restablecemento do equilibrio económico que lle compense, en todo caso, pola perda de ingresos e o posible incremento dos custos soportados respecto dos previstos na execución ordinaria do contrato de concesión de servizos durante o período de duración da situación de feito creada polo COVID-19, restablecemento que se levará a cabo mediante a ampliación do contrato por un período que se determinará no momento da acreditación documental dos prexuízos sufridos e que en ningún caso poderá superar o 15%.

Cuarto: Requiritr ao contratista para que presente a documentación que acredite de forma fidedigna a realidade, efectividade e contía dos danos sufridos como consecuencia da perda de ingresos e, no seu caso, incremento dos custos soportados, tal e como establece o artigo 34.4 e 34.8 do RDL 8/2020, debendo acreditar ademais que está ao corrente das súas obrigas laborais e sociais.

Todo isto sen prexuízo de que a Intervención Municipal poida solicitarlle as aclaracións correspondentes respecto á información que conste nos documentos que achegue, ou mesmo a documentación complementaria que estime precisa.

Quinto: Notificar o presente acordo ao contratista, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Sexto: Notifíquese ao responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia